

Na páxina 1036, segunda columna, no artigo 65.3, onde di: «... a que se refire o artigo 60 ...», debe dicir: «... a que se refire o artigo 61 ...».

Na páxina 1037, primeira columna, no artigo 66, onde di: «... nas alíneas a) e b) do artigo 64.2 ...», debe dicir: «... nas alíneas a) e b) do artigo 65.2 ...».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17344 *REAL DECRETO 1201/2005, do 10 de outubro, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos.* («BOE» 252, do 21-10-2005.)

A Directiva 86/609/CEE do Consello, do 24 de novembro de 1986, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros respecto á protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, ten como obxecto harmonizar a lexislación dos distintos Estados membros da Unión Europea no que se refire á protección dos animais utilizados para os ditos fins. Esta directiva pretende garantir que o número de animais empregados neste tipo de prácticas se reduza ao mínimo e que, en todo caso, os que se utilicen reciban un trato que evite ao máximo a dor, o sufrimento ou a lesión, prolongados innecesariamente. Fomenta, así mesmo, a posta a punto de métodos alternativos que poidan proporcionar o mesmo nivel de información que o obtido en procedementos con animais e que supoñan unha menor utilización destes, conceptos que actualmente se engloban no «principio dos tres erres» (redución, refinamento e substitución –reduction, refinement, replacement en inglés). Na mesma data e dada a vontade de definir e limitar o uso de animais de experimentación para determinados fins como son a investigación científica, a educación e a formación e a investigación médico-legal, os Estados membros adoptaron a Resolución 86/C 331/02.

A Directiva 86/609/CEE do Consello modificouse mediante a Directiva 2003/65/CE do Parlamento Europeo e o Consello, do 22 de xullo de 2003, pola que se crea un Comité de regulamentación para garantir a coherencia dos anexos da Directiva 86/609/CEE coa evolución científica e técnica máis recente, así como cos resultados da investigación nas cuestións de que tratan. Non se considera necesario traspoñer esta directiva á normativa nacional, xa que se limita á creación dun comité de ámbito comunitario.

A Directiva 86/609/CEE do Consello traspuxo ao ordenamento xurídico español por medio do Real decreto 223/1988, do 14 de marzo, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, desenvolvido posteriormente por Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 13 de outubro de 1989, pola que se establecen as normas de rexistro dos establecementos de cría, subministradores e usuarios de animais de experimentación de titularidade estatal, así como as de autorización para o emprego de animais en experimentos, en desenvolvemento do Real decreto 223/1988, do 14 de marzo.

Por outra parte España ratificou, o 25 de outubro de 1990, o convenio europeo sobre protección dos animais vertebrados utilizados con fins experimentais e outros fins científicos (Estrasburgo, 18 de marzo de 1986), que contén regras xerais cuxo obxectivo é evitar que aos animais a que o devandito convenio lles é de aplicación se lles cause dor, sufrimento ou angustia innecesarios, así

como a limitación da súa utilización favorecendo o uso de métodos alternativos.

Así mesmo, neste marco do Consello de Europa adoptáronse, nunha serie de consultas multilaterais, un conxunto de resolucións sobre a interpretación de certas disposicións e expresións do convenio europeo sobre protección dos animais vertebrados utilizados con fins experimentais e outros fins científicos, sobre a formación e educación das persoas que traballan con animais de laboratorio, sobre instalacións e coidados dos animais de laboratorio e sobre adquisición e transporte destes.

A existencia de diferentes órganos para a valoración da oportunidade das prácticas de investigación revela a conveniencia de regulalos como instrumento para lograr os fins enunciados na mencionada directiva.

A crecente preocupación da sociedade pola protección dos animais e a calidade da investigación, en que a observación, o control, o benestar, o mantemento e o coidado dos animais que se utilizan en experimentación é un pilar básico, así como os cambios na lexislación e os continuos avances científicos, fan necesaria a actualización da normativa vixente.

O artigo 36.2 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sinala que as condicións sanitarias básicas que deben cumprir as explotacións de animais serán as que estableza a normativa vixente, e na súa disposición derradeira quinta faculta o Goberno para ditar as disposicións precisas para a aplicación e desenvolvemento da lei. Neste real decreto desenvólvese a dita lei na medida en que afecta os animalarios como explotacións.

Por todo o anterior, considerouse a necesidade de adaptar a actual normativa, incluíndo o novo e derrogando o antigo, e así, en prol dunha maior claridade e seguridade xurídica, determinouse a conveniencia de promulgar unha nova norma.

Na súa tramitación, este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses do sector.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Educación e Ciencia, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de outubro de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Obxecto, ámbito de aplicación e definicións

Artigo 1. *Obxecto e finalidade.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer as normas aplicables para a protección dos animais utilizados en experimentación e noutros fins científicos, incluíndo a docencia.

2. A súa finalidade é asegurar a dita protección e, en particular, que aos animais utilizados se lles concedan os coidados adecuados; que non se lles cause innecesariamente dor, sufrimento, angustia ou lesión prolongados; que se evite toda duplicación inútil de procedementos, e que o número de animais utilizados nos procedementos se reduza ao mínimo, aplicando no posible métodos alternativos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplícaselles aos animais utilizados na experimentación e noutros fins científicos, así como na docencia. É de aplicación en todo o territorio nacional.

2. A utilización de animais nos procedementos, docencia ou outros fins científicos só poderá ter lugar cando esta persiga os seguintes fins:

- a) A investigación científica, incluíndo aspectos como a prevención de enfermidades, alteracións da saúde e outras anomalías ou os seus efectos, así como o seu diagnóstico e tratamento no home, os animais ou as plantas; o desenvolvemento e a fabricación de produtos farmacéuticos e alimenticios e outras substancias ou produtos, así como a realización de probas para verificar a súa calidade, eficacia e seguridade.
- b) A valoración, detección, regulación ou modificación das condicións fisiolóxicas no home, nos animais ou nas plantas.
- c) A protección do medio natural, en interese da saúde ou do benestar do home ou dos animais e do mantemento da biodiversidade.
- d) A educación e a formación.
- e) A investigación médico-legal.

3. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste real decreto as prácticas agropecuarias non experimentais e a clínica veterinaria.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Animal: calquera ser vivo vertebrado non humano, incluídas as crías de vida propia ou as formas de cría en reprodución, excluídas as formas fetais ou embrionarias.
- b) Animais de cría: os animais especialmente criados para a súa utilización nos procedementos en establecementos aprobados ou rexistrados pola autoridade competente.
- c) Animais de experimentación: os animais utilizados ou destinados a ser utilizados nos procedementos.
- d) Animais de experimentación adecuadamente anestesiados: os animais privados de sensacións mediante o emprego de métodos efectivos de anestesia, local ou xeral.
- e) Centro ou establecemento: toda instalación, edificio, grupo de edificios ou outros locais, incluídos aqueles non totalmente cerrados ou cubertos, así como as instalacións móbiles e todo o conxunto de medios persoais e materiais organizados polo seu titular para a cría, a subministración ou a utilización de animais de experimentación. Distingúense:
 - 1.º Centro de cría: calquera establecemento onde se crían animais de experimentación.
 - 2.º Centro subministrador: calquera establecemento que subministra e mantén animais de experimentación, non nados no mesmo centro.
 - 3.º Centro usuario: calquera establecemento en que se utilicen animais de experimentación.
- f) Cercado: zona cerrada con paredes, barrotes ou tea metálica, onde se manteñen un ou máis animais, e onde a liberdade de movemento dos animais depende do tamaño do recinto e do grao de ocupación, e que normalmente resulta menos limitada que nunha gaiola.
- g) CITES: convenio sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres. convenio de Washington, do 3 de marzo de 1973.
- h) Compartimento: pequeno recinto de tres lados, xeralmente cun comedeiro e bebedeiro con separacións laterais, onde se poden manter atados un ou máis animais.
- i) Curral: zona cerrada con cercas, paredes, barrotes ou tea metálica situada habitualmente no exterior dos edificios, onde os animais aloxados en gaiolas ou cercados se poden mover libremente durante determinados

períodos de tempo segundo as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

j) Eutanasia ou sacrificio por métodos humanitarios: o sacrificio dun animal co menor sufrimento físico e mental posible, de acordo coa súa especie e estado.

k) Gaiola: receptáculo fixo ou móbil cerrado por paredes sólidas e, polo menos por un lado, con barrotes ou tea metálica ou, se é o caso, redes, onde se aloxan ou transportan un ou máis animais.

l) Locais de aloxamento: locais onde se aloxa normalmente os animais, ben para cría e mantemento, ben durante a realización dun procedemento.

m) Persoa competente: calquera persoa que, en función da súa formación, se encontre capacitada legalmente, ao abeiro deste real decreto, para realizar as funcións previstas nel.

n) Procedemento: toda utilización dun animal para os fins establecidos no artigo 2 que poida causarlle dor, sufrimento, angustia ou dano prolongados, incluída toda actuación que de maneira intencionada ou casual poida dar lugar ao nacemento dun animal nas condicións anteriormente mencionadas. Considérase, así mesmo, «procedemento» a utilización dos animais, mesmo cando se eliminen a dor, o sufrimento, a lesión, a angustia ou o dano prolongados, mediante o emprego de anestesia, analxesia ou outros métodos. Quedan excluídos os métodos admitidos na práctica moderna (métodos humanitarios) para o sacrificio e para a identificación dos animais. Enténdese que un procedemento comeza no momento en que se inicia a preparación dun animal para a súa utilización e termina cando xa non se vai facer ningunha observación ulterior para o dito procedemento.

ñ) Transportista: calquera persoa física ou xurídica que proceda ao transporte de animais de experimentación por conta propia, por conta dun terceiro ou mediante a posta á disposición dun terceiro dun medio de transporte destinado ao transporte de animais de experimentación, transporte que deberá ter carácter comercial e efectuarse con fins lucrativos.

o) Autoridade competente: os órganos competentes das comunidades autónomas e os órganos competentes da Administración xeral do Estado nos seus respectivos ámbitos.

p) Métodos alternativos: aquelas técnicas ou estratexias experimentais que cumpren co «principio dos tres erros» (redución, refinamento e substitución –reduction, refinement, replacement en inglés):

1.º Redución: estratexia encamiñada a utilizar o mínimo número de animais necesario para alcanzar o obxectivo proposto no procedemento.

2.º Refinamento: inclúe a maioría daqueles procedementos que afectan a vida do animal de experimentación e permiten aliviar ou reducir a posible dor ou malestar.

3.º Substitución: utilización de técnicas alternativas que poidan proporcionar o mesmo nivel de información que o obtido en procedementos con animais e que non impliquen a utilización destes.

CAPÍTULO II

Das condicións xerais e do persoal

Artigo 4. *Condicións xerais de aloxamento e manexo.*

1. Os centros ou establecementos previstos neste real decreto deberán cumprir os seguintes requisitos en relación co coidado xeral e aloxamento dos animais de experimentación:

- a) Que aos animais se lles proporcionen unhas condicións adecuadas de aloxamento, ambiente, certo grao

de liberdade de movementos, alimentación, bebida e coitados que aseguren a súa saúde e benestar.

b) Que se limite ao mínimo imprescindible calquera restrición que lles impida satisfacer as súas necesidades fisiolóxicas e etolóxicas.

c) Que as instalacións e as condicións ambientais en que se críen, manteñan, custodien ou se utilicen os animais de experimentación lles garantan un adecuado nivel de benestar e que iso se verifique diariamente.

d) Que se dispoña de medidas, medios e instalacións que garantan a eliminación, no prazo máis breve posible, de calquera deficiencia que provoque alteracións no estado de saúde ou benestar dos animais, coas alarmas necesarias.

e) Que as normas de traballo e instrucións de uso de todos os elementos consten por escrito.

f) Que teñan previsto por escrito un plan de actuación en caso de emerxencia ou catástrofe.

g) Que se evite o acceso ao interior das instalacións de persoal non autorizado.

h) Que o benestar e a saúde dos animais sexan supervisados polo persoal competente definido no anexo I, para previr a dor, así como o sufrimento, a angustia ou o dano duradeiros.

2. Os establecementos ou centros deben cumprir o establecido no anexo II, así como a normativa vixente sobre as explotacións gandeiras que lles sexa aplicable.

3. Os centros usuarios deben dispoñer, ademais, de instalacións adecuadas para a realización de necropsias, toma de mostras e probas sinxelas de diagnóstico.

4. O manexo dos animais de experimentación realizárase de acordo co anexo III, sen prexuízo da normativa vixente en materia de conservación das especies naturais e da fauna e flora silvestres.

Artigo 5. *Transporte dos animais.*

1. O transporte dos animais utilizados ou destinados a seren utilizados nos procedementos axustarase ás condicións establecidas nas normas vixentes sobre comercio, sanidade e benestar animal.

2. A documentación que debe amparar, durante o transporte, o traslado de animais utilizados ou destinados a seren utilizados nos procedementos axustarase ás normas vixentes sobre comercio, sanidade e benestar animal.

3. Os contedores de transporte garantirán a contención dos animais e permitirán, ao mesmo tempo, a súa liberdade de movementos. Os vehículos de transporte disporán dun sistema de ancoraxe, se é o caso, para evitar os movementos bruscos dos contedores.

4. Se durante a realización dun procedemento é necesario proceder ao traslado dun animal, ademais do establecido nos puntos anteriores, xuntarase un documento de traslado emitido polo especialista en saúde animal do centro de orixe, que terá unha validez de cinco días, onde deberán figurar, como mínimo, os datos que se recollen no anexo IV. Ademais, xuntaranse instrucións escritas claras sobre a subministración de auga e alimentos, e os coitados especiais que se dispensarán aos animais durante o seu transporte.

Artigo 6. *Identificación dos animais.*

1. Todos os animais pertencentes a especies con sistemas de identificación xa regulados deberán estar identificados conforme a normativa vixente nesta materia. O método de identificación estará concibido de maneira que non se poida falsificar, que sexa inviolable, facilmente lexible ao longo de toda a vida do animal, que non se poida volver utilizar e non afecte o seu benestar.

2. Concretamente, os cans, gatos e primates non humanos deberán ser identificados individualmente, pre-

feriblemente antes da súa desteta, cun sistema permanente realizado de forma que se lles cause a menor dor posible. Cando un can, gato ou primate non humano sexa trasladado dun centro ou establecemento a outro antes da súa desteta e non sexa posible identificalo previamente, o centro ou establecemento receptor conservará un rexistro documental completo, en particular, dos datos da nai, e procederase á súa identificación o máis pronto posible.

3. Cando o sistema de identificación utilizado lle poida producir dor ao animal, proporcionaráselle a anestesia ou analxesia adecuada.

Artigo 7. *Identificación de animais confinados.*

1. Todas as gaiolas ou sistemas de confinamento de animais deberán estar etiquetados e na etiqueta consignaranse os datos de identificación dos animais alí aloxados. A non ser que non sexa posible polas circunstancias ou polas características dos animais alí confinados, especificaranse, como mínimo, os datos que se relacionan no anexo V.

2. Nos centros usuarios, esta etiqueta debe, ademais, se é o caso, permitir a súa relación co procedemento en que o animal estea sendo utilizado.

Artigo 8. *Libro de rexistro dos animais.*

1. Os centros deben levar un libro de rexistro aprobado pola autoridade competente que conterá, como mínimo, os datos que se fixan no anexo VI. A autoridade competente determinará o formato do devandito libro de rexistro, que poderá ser levado de forma manual ou informatizada.

2. O libro de rexistro débese encontrar permanentemente no centro e á disposición da autoridade competente. O centro deberá conservar este libro de rexistro durante, polo menos, tres anos a partir da data da última inscrición.

Artigo 9. *Persoal dos centros.*

1. As persoas que leven a cabo procedementos ou tomen parte neles e as persoas que estean ao coidado de animais utilizados en procedementos, incluíndo as tarefas de supervisión, deberán ter a preparación e a formación adecuada, acreditada mediante a posesión dun título académico que fose considerado adecuado para estes efectos pola autoridade competente. Este persoal estará encadrado nunha das categorías profesionais descritas no anexo I.

2. En cada centro designarase unha persoa responsable do coidado dos animais e do funcionamento dos equipamentos.

3. O responsable do centro asegurárase do cumprimento do disposto no punto anterior.

4. O responsable do centro asegurárase do cumprimento da normativa sobre organismos xeneticamente modificados cando esta sexa de aplicación.

Artigo 10. *Persoal asesor.*

1. Os centros disporán de persoal especialista en benestar animal e en saúde animal.

2. O responsable da saúde dos animais será un veterinario con formación complementaria especializada en animais de experimentación.

3. As seguintes funcións poderán ser asumidas tanto polo responsable en saúde animal como polo responsable en benestar animal:

a) Supervisar as instalacións, o benestar, o manexo e o coidado dos animais, co fin de detectar calquera deficiencia existente.

b) Se decide ao final dun procedemento que o animal non se sacrifica, supervisar que reciba os coidados adecuados ao seu estado de saúde baixo control dun especialista en saúde animal.

c) En xeral, de todas as tarefas de asesoramento en materia de benestar animal, co fin de previr en todo momento a dor, o sufrimento, a angustia ou danos perdurables aos animais.

CAPÍTULO III

Dos centros

Artigo 11. *Obrigas dos centros.*

1. Os centros subministradores só poderán obter animais a partir de centros de cría ou de centros subministradores, a non ser que o animal fose legalmente importado e non sexa salvaxe ou vagabundo, agás autorización expresa da autoridade competente.

2. Os centros usuarios, sempre que sexa posible, deberán utilizar animais de cría. Porén, tamén poderán utilizar animais procedentes de establecementos subministradores, doutro centro usuario que os cedese como parte do intercambio científico ou criados para o seu uso nas súas propias instalacións. Neste último caso deberán cumprir, ademais, o disposto neste real decreto para os centros de cría. Prevense as seguintes excepcións:

a) Os animais das especies enumeradas no anexo VII unicamente poderán ser animais de cría, a non ser que non sexa posible dispoñer destes, e logo de autorización da autoridade competente.

b) Os animais de especies diferentes ás enumeradas no anexo VII deberán ser animais de cría ou ben proceder de establecementos subministradores, a non ser que se comprobe que non é posible dispoñer destes, e logo de autorización da autoridade competente.

3. Os centros usuarios terán as instalacións e o equipamento apropiado para as especies de animais que se utilicen e para a execución dos procedementos que alí se leven a cabo; o seu proxecto, construción e funcionamento deberán garantir que os procedementos se poidan executar coa maior efectividade posible, de forma que se obteñan resultados coherentes co menor número posible de animais e se lles produza aos animais o mínimo grao de dor, sufrimento, angustia ou dano duradeiro.

Artigo 12. *Rexistro dos centros de cría, subministradores e usuarios.*

1. Os centros ou establecementos privados, con carácter previo ao inicio do seu funcionamento, deberán ser autorizados pola autoridade competente.

2. Una vez obtidos todos os permisos, autorizacións ou licenzas exixibles pola normativa vixente, ningún novo establecemento poderá iniciar a súa actividade sen estar rexistrado e ter recibido o correspondente código de identificación.

3. Os centros ou establecementos públicos, con carácter previo ao inicio do seu funcionamento, deberán ser inscritos no rexistro habilitado para iso.

4. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o Rexistro dos centros de cría subministradores e usuarios de animais de experimentación, de carácter público e informativo, no cal se inscribirá directamente todo centro ou establecemento de titularidade estatal.

5. As comunidades autónomas comunicaranlle ao dito ministerio os datos que se enumeran no anexo VIII, referidos aos centros previstos nos puntos 1 e 2, para o seu traslado ao dito rexistro.

Artigo 13. *Estrutura do rexistro.*

1. O rexistro de cada un dos centros constará como mínimo dos seguintes datos: nome do centro; enderezo completo; titular do centro (nome e, se procede, razón social e número de CIF ou NIF); tipo de establecemento (cría, subministrador, usuario); código de rexistro; especies animais que se manteñen nel, e responsable.

2. Asignarase un código de rexistro a cada centro que estará composto polas letras «ES», que identifica España, seguido dun código numérico composto de 12 caracteres, dos cales dous corresponderán á identificación da provincia, segundo a codificación do Instituto Nacional de Estatística; tres, á identificación do municipio, segundo a codificación do dito instituto, e sete, á identificación do centro. Este último código permitirá identificar o centro de forma única dentro do municipio.

3. Cando un establecemento xa se encontre rexistrado segundo o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras, manterá ese código de rexistro, ben que deberá incluírse tamén no rexistro establecido no artigo 12 deste real decreto.

4. Non se rexistrarán como centros diferentes as unidades daqueles centros que estean integrados por unidades independentes entre si fisicamente, a non ser que teñan un funcionamento e unha organización independentes.

5. Cando un centro simultanee actividades de cría, subministración ou usuario de animais de experimentación, no rexistro incluíranse todas e cada unha delas, aínda que cando un establecemento usuario cría animais para o seu uso nas súas propias instalacións, só será necesario que se rexistre como establecemento usuario, ben que cumprirá tamén con todas as exixencias establecidas neste real decreto para os centros de cría.

Artigo 14. *Inscripción no rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.*

1. Para a súa inscrición no Rexistro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, os responsables dos centros de titularidade estatal deben dirixir a súa solicitude á Dirección Xeral de Gandaría, acompañada da documentación que se indica no anexo IX.

2. Calquera modificación dos datos que figuren inscritos, derivada de ampliacións, de reducións, de traslados, de cambios do persoal responsable ou outras circunstancias, así como no caso de suspensión ou cesamento da actividade ou de cambio de titularidade, deberá ser notificada ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no prazo máximo dun mes desde que se producise, para que se efectúe a correspondente modificación no rexistro.

Artigo 15. *Base de datos de centros de animais de experimentación.*

Para os efectos informativos, constituirase unha base de datos dos centros ou establecementos no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coas características que figuran no anexo X. Esta base de datos nutrirase das comunicacións que realicen as comunidades autónomas e o propio ministerio e constará, para cada centro, como mínimo, dos datos que figuran no anexo VIII.

CAPÍTULO IV

Dos procedementos

Artigo 16. *Condicións xerais dos procedementos.*

1. Non se deberá realizar un procedemento se se dispón doutro método cientificamente satisfactorio e contrastado que permita obter o resultado perseguido sen implicar a utilización de animais, excepto cando a normativa de aplicación o requira.

2. Os procedementos deberanse realizar de forma que eviten a angustia e a dor ou o sufrimento innecesario aos animais de experimentación.

3. Para evitar duplicacións innecesarias de procedementos que teñan como fin cumprir as disposicións das lexislacións nacionais ou comunitarias en materia de saúde e seguridade, as autoridades competentes deberán recoñecer, na medida do posible, a validez dos datos obtidos mediante os procedementos levados a cabo no territorio comunitario, a non ser que algunha proba posterior sexa necesaria para a protección da saúde pública e a seguridade.

4. As autoridades competentes deben fomentar a investigación sobre o desenvolvemento e a confirmación de técnicas alternativas que poidan achegar o mesmo nivel de información que o obtido en procedementos con animais, que supoñan o uso de menos animais ou que impliquen procedementos menos dolorosos.

5. Ante a elección entre diversos procedementos, seleccionárase aquel que permita obter os resultados máis satisfactorios e que:

- a) Utilice o menor número de animais.
- b) Se realice en animais pertencentes a especies cuxa elección fose coidadosamente valorada e cuxo grao de sensibilidade neurofisiolóxica sexa o menor posible.
- c) Cause a menor dor, sufrimento, angustia ou lesión aos animais.

6. Os procedementos só poderán ser realizados por persoas competentes ou baixo a responsabilidade directa delas, ou cando se autoricen consonte as disposicións da normativa nacional.

7. Cada procedemento, para os efectos do cumprimento deste real decreto, terá un único investigador responsable.

Artigo 17. *Procedementos prohibidos.*

1. Quedan prohibidos os procedementos en que se utilicen os animais considerados en perigo de extinción de acordo co apéndice I do CITES e o anexo A do Regulamento (CE) n.º 338/97 do Consello, do 9 de decembro de 1996, relativo á protección de especies da fauna e flora silvestres mediante o control do seu comercio, así como aqueles que no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas da Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, se cataloguen como tales, a non ser que se axusten á normativa citada e que os obxectivos do procedemento sexan a investigación tendente á protección das especies de que se trate ou fins biomédicos esenciais, cando se comprobe que tales especies son excepcionalmente as únicas adecuadas para tales fins, e logo de autorización da autoridade competente.

2. Non se poderán levar a cabo procedementos con animais capturados na natureza ou vagabundos, a non ser que os realizados con outros animais non permitan alcanzar os obxectivos perseguidos polo procedemento, e logo de autorización da autoridade competente. En ningún caso se poderán utilizar cans ou gatos vagabundos.

3. Non se poderán realizar procedementos con fins de formación e educación realizados en centros de ensino non superior, a non ser que sexa imprescindible segundo o programa da formación de que se trate, e logo de autorización da autoridade competente.

Artigo 18. *Comunicación e autorización de procedementos.*

1. Todos os establecementos usuarios estarán obrigados a lle comunicar á autoridade competente os procedementos que teñen previsto realizar.

2. Para poder levar a cabo os procedementos a que fai referencia o anexo XI, requirirase a autorización previa e expresa da autoridade competente.

3. Para a comunicación do procedemento débesele presentar á autoridade competente a documentación enumerada no anexo XII. A validez da comunicación do procedemento corresponderase coa duración prevista na súa memoria cun máximo de tres anos, sempre e cando non exista ningunha modificación relevante nel. A validez desta comunicación poderase prorrogar logo de petición do centro usuario.

4. Para solicitar a autorización do procedemento débesele presentar á autoridade competente a documentación que se relaciona no anexo XIII.

5. Calquera modificación relevante das memorias descritivas recollidas nos anexos XII e XIII de procedementos previamente comunicados e, se é o caso, autorizados seralle comunicada á autoridade competente.

Para estes efectos, considéranse modificacións relevantes:

- a) O aumento no número de animais que se vaian utilizar, no caso de especies protexidas.
- b) A utilización dunha nova especie protexida.
- c) O aumento significativo no número de animais que se vaian utilizar de especies non protexidas.
- d) O aumento da dor ou do sufrimento do animal.
- e) Cambios do lugar en que se prevé realizar o procedemento.
- f) Que se dea calquera circunstancia das enumeradas no anexo XI.

No caso de modificacións relevantes na memoria dun procedemento autorizado, será necesario solicitar unha nova autorización da autoridade competente para poder efectuar o procedemento.

6. A autoridade competente adxudicará un código de identificación a cada un dos procedementos.

7. Os centros de titularidade estatal comunicarán e, se é o caso, solicitarán a preceptiva autorización á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

8. No caso das autorizacións de procedementos pola Administración xeral do Estado, será preceptivo o informe sobre o dito procedemento da Comisión ética nacional de benestar animal a que se refire o artigo 26.

Artigo 19. *Lugar de realización dos procedementos.*

1. Os procedementos realizaranse en centros rexistrados como centros usuarios.

2. Poderanse levar a cabo procedementos fóra destes centros cando as súas características xustifiquen esta circunstancia, e logo de autorización da autoridade competente.

3. Cando se faga necesario para os fins lexítimos do procedemento, poderase permitir que o animal afectado sexa posto en liberdade, sempre que se adoptasen as medidas adecuadas para salvagardar o benestar do animal, na medida en que o seu estado de saúde o permita, que non haxa perigo para a sanidade animal, a saúde pública ou o medio, e logo de autorización da autoridade competente. En calquera caso, cando o procedemento en que se utilizan teña exclusivamente fins docentes ou de formación, non se poderán liberar os animais utilizados.

Artigo 20. *Anestesia e analxesia durante o procedemento.*

1. Os procedementos deberanse levar a cabo con anestesia xeral ou local, salvo que se considere que esta:

- a) É máis traumática para o animal que o procedemento en si.
- b) É incompatible cos fins do procedemento; neste caso, será preceptiva a autorización previa da autoridade competente.

2. Se a anestesia non fose posible, deberanse utilizar analxésicos ou outros métodos idóneos para garantir, na medida do posible, que a dor, o sufrimento, a angustia ou a lesión sexan mínimos, e, en calquera caso, que o animal non padeza dor, angustia ou sufrimento intenso.

3. Sempre que sexa compatible cos fins do procedemento, cando se prevea que un animal vai sufrir dor intensa ou prolongada despois de se recuperar da anestesia, dispórase do necesario para que sexa tratado coa antelación suficiente, con medios adecuados para minimizar a dor, ou, cando isto non sexa posible, deberá ser sacrificado inmediatamente por métodos humanitarios.

4. En calquera caso, e sempre que se prevea que o animal pode sufrir unha dor grave ou prolongada, será necesaria a autorización previa do procedemento pola autoridade competente.

5. En ningún caso se poderá utilizar un animal máis dunha vez en procedementos que comporten dor intensa, angustia ou sufrimento equivalente.

Artigo 21. *Fin do procedemento.*

1. Ao termo de todo procedemento, decidirase se o animal se debe manter con vida ou se debe ser sacrificado mediante un método humanitario. En todo caso, non se conservará con vida un animal se, malia ter recuperado a saúde en todos os demais aspectos, é probable que padeza unha dor ou sufrimento duradeiros. A este respecto, tales decisións serán adoptadas polo veterinario responsable da saúde dos animais.

2. Cando ao termo dun procedemento:

a) Se vaia conservar con vida un animal, este deberá recibir o coidado adecuado ao seu estado de saúde, ser sometido á vixilancia dun veterinario e mantido en condicións acordadas coas exixencias do artigo 4. A vixilancia do veterinario poderase suspender cando, na súa opinión, o animal non vaia sufrir como consecuencia de tal suspensión.

b) Sexa necesario para os fins do procedemento, sen prexuízo das demais disposicións deste real decreto, a autoridade competente poderá autorizar que un animal utilizado nun procedemento sexa devolto ao seu medio habitual, e adoptaranse as medidas adecuadas para salvagardar o seu benestar, na medida en que o seu estado de saúde o permita e non entrañe perigo nin para a sanidade animal, nin para a saúde pública, nin para o medio.

c) Se decida non conservar con vida un animal, ou este non se poida beneficiar das condicións establecidas no artigo 4 relativas ao seu benestar, este deberá ser sacrificado o antes posible, mediante un método humanitario. A eliminación dos cadáveres e dos subprodutos, se os houbese, realizarase conforme a lexislación vixente.

3. No caso dos animais de especies silvestres e, en particular, as especies ameazadas, teranse en conta os criterios relativos á disposición dos animais establecidos nas resolucións derivadas da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres respecto á toma de decisións sobre o mantemento en cativeiro, reintrodución no medio natural ou a aplicación da eutanasia aos animais para o fin dos procedementos.

CAPÍTULO V

Comités éticos de benestar animal

Artigo 22. *Creación dos comités éticos de benestar animal.*

1. Nos centros usuarios de titularidade estatal existirá un comité ético de benestar animal (en diante, «o comité»), o cal debe velar polo cumprimento do establecido no artigo 11 e o capítulo IV.

2. O comité dotarase dun regulamento interno que defina e desenvolva, no seu ámbito, os seus integrantes e o seu funcionamento básico segundo criterios de confidencialidade e representatividade, e que garanta a imparcialidade nas súas decisións.

Artigo 23. *Composición.*

1. O comité debe estar integrado por un mínimo de tres persoas coa experiencia e cos coñecementos necesarios para velar polo benestar e o coidado dos animais. Os membros que, como mínimo, deben formar parte destes comités serán os seguintes:

- O especialista en benestar animal do centro.
- Un representante da unidade de garantía de calidade do centro, cando exista, ou, no seu defecto, un investigador do centro non directamente implicado no procedemento respecto do cal se deba emitir informe.
- Unha persoa con experiencia e coñecementos en benestar dos animais que non teña relación directa co centro ou co procedemento de que se trate.

2. En calquera caso, deben estar constituídos por persoas alleas ao procedemento avaliado.

3. Os membros respectarán o principio de confidencialidade.

4. Cando se considere oportuno, solicitarán o asesoramento de persoas expertas que non pertencen ao comité, as cales tamén respectarán o principio de confidencialidade.

Artigo 24. *Funcións.*

As funcións do comité son as seguintes:

a) Informar da idoneidade de cada procedemento en relación cos obxectivos do estudo, a posibilidade de alcanzar conclusións válidas co menor número posible de animais, a consideración de métodos alternativos á utilización dos animais e a idoneidade das especies seleccionadas.

b) Informar de que cada procedemento se leva a cabo axustándose á memoria descritiva notificada ou aprobada a que se refiren os anexos XII e XIII.

c) Informar sobre a realización dos procedementos, en especial de que:

1. Se poñen os medios para que os animais non sufran innecesariamente e para que se lles proporcionen, cando sexa necesario, analxésicos, anestésicos ou outros métodos destinados a eliminar ao máximo a dor, o sufrimento ou a angustia.

2. Se utilizan métodos de eutanasia adecuados á especie animal e ao procedemento que se realice.

3. O persoal que participa nos procedementos teña a formación adecuada para levar a cabo as tarefas que se lle encomenden.

Artigo 25. *Exención da creación de comités.*

1. Os casos excepcionais en que se poida eximir da creación destes comités serán establecidos pola Dirección Xeral de Gandaría.

2. Nos centros eximidos da creación do comité, as funcións establecidas no artigo 24 deberán ser asumidas por un comité recoñecido pola autoridade competente.

Artigo 26. *Comisión ética estatal de benestar animal.*

1. Para os centros de titularidade estatal, crearase a comisión ética estatal de benestar animal (en diante, «a Comisión») como órgano consultivo en materia de benestar dos animais utilizados para a experimentación e outros fins científicos, adscrita ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A Comisión terá as funcións de:

- a) Informar con relación ás solicitudes de autorización de procedementos.
- b) Informar con relación ás solicitudes de exención da obriga de crear comités.
- c) Asesorar os centros usuarios para o cumprimento desta normativa, especialmente sobre os métodos alternativos e técnicas que eviten procedementos repetitivos ou reiterativos.
- d) Actuar como órgano de consulta.

3. A Comisión estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidente: o director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- b) Vicepresidente primeiro: o director xeral de Investigación do Ministerio de Educación e Ciencia.
- c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios do Ministerio de Sanidade e Consumo.
- d) Secretario: o xefe do Servizo de Benestar Animal da Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- e) Vogais:

1.º Sete vogais en representación da Administración xeral do Estado, pertencentes aos seguintes ministerios:

Un en representación do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, con rango de subdirector xeral.

Un en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con rango de subdirector xeral.

Un en representación do Ministerio de Sanidade e Consumo, con rango de subdirector xeral.

Dous en representación do Ministerio de Educación e Ciencia, con rango de subdirector xeral.

Dous en representación do Ministerio de Medio Ambiente, con rango de subdirector xeral.

Estes vogais serán designados polo subsecretario do departamento correspondente, e, nos casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha outra causa xustificada, poderán ser substituídos por outra persoa ao servizo da unidade de que dependan, que será designada do mesmo modo.

2.º Un vogal representante das organizacións non gobernamentais de carácter nacional que teñan como un dos seus obxectivos principais a defensa do benestar animal, designado polo presidente da Comisión e por proposta delas.

3.º Un vogal representante das asociacións profesionais especializadas nos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, designado polo presidente da Comisión e por proposta delas.

4.º Un vogal representante do Consello Xeral de Colexios Veterinarios de España.

4. Poderán asistir con voz, pero sen voto, representantes dos sectores afectados e das comunidades autónomas. Logo de invitación, cando se considere necesario, poderán asistir tamén expertos independentes.

5. Poderanse crear grupos de traballo específicos con funcións concretas.

6. A Comisión aprobará as súas normas de funcionamento.

7. A Comisión reunirse como mínimo cada tres meses.

8. Sen prexuízo das peculiaridades previstas neste real decreto, a Comisión acomodará o seu funcionamento ao réxime previsto para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

CAPÍTULO VI

Subministración de información e controis

Artigo 27. *Subministración de información.*

1. Para os efectos da súa comunicación á Comisión Europea, os centros usuarios débennlle comunicar á autoridade competente os procedementos realizados, as especies e o número de animais utilizados en cada un deles, nos prazos e na forma que para cada centro estableza a autoridade competente. As comunidades autónomas remitiranlle a devandita información á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 31 de marzo de cada ano cos datos referentes ao ano anterior, co fin de que este lla traslade á Comisión Europea a través da canle correspondente.

2. Para os centros de titularidade estatal, a comunicación a que se refire no punto 1 efectuarase antes do 31 de marzo de cada ano cos datos referentes ao ano anterior.

3. Baseándose nas solicitudes de autorización e nas notificacións recibidas, e de acordo cos informes elaborados, a autoridade competente recollerá e, na medida do posible, publicará periodicamente a información estatística sobre a utilización de animais en procedementos con respecto ao:

a) Número e ás especies de animais utilizados nos procedementos.

b) Número de animais, por categorías seleccionadas, utilizados nos procedementos mencionados no artigo 2.

c) Número de animais, por categorías seleccionadas, utilizados nos procedementos exixidos pola lexislación.

4. As autoridades competentes adoptarán todas as medidas necesarias para garantir a protección do carácter confidencial das informacións que presenten un interese comercial particular que se comuniquen conforme este real decreto.

Artigo 28. *Controis.*

1. O control do cumprimento das normas contidas neste real decreto será efectuado pola autoridade competente; para tal fin, efectuará as inspeccións periódicas precisas e remitiralle á Dirección Xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de marzo de cada ano, un informe sobre o resultado das inspeccións realizadas o ano precedente.

2. Estas inspeccións, que poderán realizarse con ocasión de controis efectuados con outros fins, efectuaranse anualmente sobre mostras estatisticamente representativas dos centros existentes no territorio de cada comunidade autónoma.

3. Cada ministerio, no ámbito das súas competencias, elaborará coas comunidades autónomas un plan anual de controis de acordo cunha análise de riscos, que poderá incluír a determinación do tamaño da mostra que deberá ser obxecto de inspección en cada comunidade autónoma, así como os criterios básicos para a elección da mostra e, se é o caso, a listaxe dos centros que se vaian inspeccionar.

4. No deseño do plan de inspección, prestarase especial atención aos centros eximidos da obriga de dispoñer dun comité propio.

Disposición adicional única. *Recursos humanos e materiais.*

A creación e o funcionamento do rexistro dos centros de cría, subministradores e usuarios e da Comisión ética

estatal de benestar animal serán atendidos cos medios humanos e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen que iso supoña incremento do gasto público.

Disposición transitoria primeira. *Centros rexistrados de acordo co Real decreto 223/1988, do 14 de marzo.*

Os centros rexistrados ao abeiro do disposto no Real decreto 223/1988, do 14 de marzo, que se encontren en funcionamento, deberán comunicar a información complementaria necesaria segundo o disposto neste real decreto á autoridade competente, nun prazo non superior aos seis meses, a cal adaptará as inscricións nos rexistros ao disposto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en tramitación.*

O disposto no artigo 18 sobre expedientes de notificación ou autorización dos procedementos que estean en tramitación ou se tramiten no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor deste real decreto poderanse tramitar de acordo co Real decreto 223/1988, do 14 de marzo.

Disposición transitoria terceira. *Homologación da formación.*

Malia o disposto no artigo 9.1, a autoridade competente poderá decidir, por solicitude do interesado, que se deberá presentar dentro dos seis meses seguintes á publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado», non exixir a posesión do título académico correspondente ao persoal que acredítase suficientemente vir realizando as tarefas e funcións previstas no artigo 9.1 e no anexo I durante os seguintes períodos de tempo, en función de cada categoría:

- a) Persoal da categoría A: dous anos antes da entrada en vigor deste real decreto.
- b) Persoal da categoría B: cinco anos antes da entrada en vigor deste real decreto.
- c) Persoal da categoría C: 10 anos antes da entrada en vigor deste real decreto.
- d) Persoal da categoría D: 10 anos antes da entrada en vigor deste real decreto.

Unha vez concedida a devandita excepción, esta producirá efectos permanentes en todo o territorio nacional e facultará o interesado para realizar as funcións correspondentes á categoría de que se trate en toda España.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, especificamente, o Real decreto 223/1988, do 14 de marzo, sobre protección dos animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, e a Orde do 13 de outubro de 1989, pola que se establecen as normas de rexistro dos establecementos de cría, subministradores e usuarios de animais de experimentación de titularidade estatal, así como as de autorización para emprego de animais en experimentos, en desenvolvemento do Real decreto 223/1988, do 14 de marzo.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das competencias exclusivas recoñecidas ao Estado pola Constitución no seu artigo 149.1.13.^a en materia de bases

e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e no artigo 149.1.16.^a en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

1. Facúltase os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Educación e Ciencia para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto e, en particular, para modificar os seus anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria ou por motivos urxentes de protección dos animais.

2. Especificamente, facúltase o ministro de Educación e Ciencia para establecer a formación do persoal competente para traballar nos centros.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor un mes despois da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto o capítulo V, que o fará seis meses despois da súa publicación.

Dado en Madrid, o 10 de outubro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Persoal competente para traballar nos centros

Defínense catro categorías profesionais, que se clasifican da seguinte forma:

A. Persoal da categoría A: persoal para o coidado dos animais. Os programas de ensino para esta categoría incluirán como mínimo:

1. Conceptos básicos relativos aos aspectos éticos e normativos dos coidados proporcionados aos animais de experimentación.

2. Manipulación e mantemento dos animais:

a) Ambiente, equipamentos, gaiolas e accesorios nas instalacións para os animais: descrición, utilización e mantemento.

b) Manipulación e contención dos animais.

c) Coñecementos básicos sobre os métodos de eutanasia humanitaria das especies afectadas.

d) Elementos xerais de fisioloxía e de comportamento das especies animais utilizadas con fins experimentais.

e) Mantemento dos animais e, en caso necesario, cría destes.

f) Verificación das condicións ambientais nos animais.

3. Recoñecemento do estado de saúde e das enfermidades:

a) Hixiene e control das enfermidades.

b) Elementos de fisioloxía xeral e de comportamento das especies animais utilizadas con fins experimentais.

4. Recoñecemento da dor, o sufrimento e a angustia.

5. Normativa referente á seguridade, a administración, o transporte, a recepción, o aprovisionamento de animais e a eliminación dos cadáveres.

